



CIR - Servizo de Circulación 317 - MMOBE		
Documento	Expediente	Fecha
CIRZS1B9	CIR/731/2015	11-06-15 13:41



Assunto
Notificación de Resolución/Acuerdo. FESTA DIA
DO BARRIO O 13-06-2015

Destinatario
ASOCIACION VECIÑAL "A XUNTANZA"
CRRDA FRAGUAS (DAS), 37 000
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA



NOTIFICACIÓN

O Concelleiro-Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán, por delegación do alcalde, con esta data, dictou o seguinte Decreto:

I.- Visto o informe emitido pola Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, desta mesma data, en relación coa solicitude presentada pola ASOCIACION VECIÑAL "A XUNTANZA":

Visto a solicitude presentada pola Asociación Veciñal A Xuntanza, de autorización para realizar unha xornada baixo o lema "Día do Barrio" na que se pretende sensibilizar á veciñanza da necesidade de colaborar na convivencia, mantemento, limpeza e comodidade dos espazos públicos, realizando o 13 de xuño pola mañá unha serie de actividades consistentes en diversas intervencións en espazos axardinados:

- Limpeza polo miúdo de espazos pequenos axardinados.
- Creación de pequenos xardíns ó carón das árbores ou nas beirarrúas.
- Sinalización no parque de xogos da Trisca da prohibición de cans ou outras mascotas
- Instalación dunha pequena biblioteca libre no Parque da Trisca

Outras intervencións na vía pública como:

- Urban knitting.
- Sinalización na Praza da Cruz de San Pedro da obrigatoriedade dos ciclistas de baixar pola Rúa de San Pedro a pe.
- Marcado con pintura perecedora de xogos para viandantes nas prazas.
- Repintado das varandas dos patíns da Costa do Veedor.
- Pintado de xogos e divertimentos nas beirarrúas da Rúa Quiroga Palacios.

Outras actividades de carácter solidario:

Operación Kilo, recollida de alimentos para entidades sociais
Recollida de material escolar funxible en colaboración das ANPAS do CEIP Apóstolo Santiago e Vilas Alborada.

Ademais solicitan o corte puntual do tráfico, salvado o paso dos residentes da zona da rúa Lagartos, nesa praza e a ocupación da zona de carga e descarga da praza da Cruz de San Pedro.



Dependencia CIR - Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317 - MMOBE		
Documento	Expediente	Fecha
CIRZS1B9	CIR/731/2015	11-06-15 13:41

Se informa:

En relación coa carga e descarga da Praza da Cruz de San Pedro, á vista do informe da policía local non existe inconveniente, sempre que se permita o acceso ós vehículos dos residentes da zona da Rúa Lagartos.

A sinalización para proceder á ocupación da praza será: valados con sinais de prohibido estacionar na zona de carga e descarga da praza da Cruz de San Pedro.

A colocación e mantemento dos sinais será a cargo dos organizadores mentres duren os actos, debendo tamén colocar os avisos da prohibición de estacionamento. A sinalización deberá quedar colocada no serán do día anterior ó evento e unha vez rematado o horario de carga e descarga para que a ocupación con vehículos pola noite non impida a instalación de elementos o día seguinte.

Polo que se refire á intervención es espazos axardinados, tamén podería autorizarse, á vista do informe do servizo de parques e xardíns, coas seguintes condicións:

- As zonas afectadas deberán quedar limpas durante o desenvolvemento das actividades e perfectamente conservadas logo de rematar.
- O cumprimento da normativa en materia de seguridade e saúde e os restantes requisitos exixidos para este tipo de intervencións, será da exclusiva responsabilidade da Asociación solicitante, así como calquera dano que poida ocasionarse en bens ou servizos públicos.

Asemade, non existe inconveniente, de conformidade co disposto nos artigos 109 e ss. Da Ordenanza de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública a realización das actividades solidarias proxectadas.

En derradeiro lugar, en relación coas intervencións proxectadas na vía pública, á vista do informe emitido polo Director de Área do DUS e tendo en conta o disposto no artigo 7 e 9 da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública e o artigo 6 da Ordenanza de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública, non semella autorizabile, toda vez que as intervencións de carácter permanente na vía pública pode ocasionar un precedente non desexable xa que, a responsabilidade destas intervencións corresponde ó Concello que non ten medios para controlar que neste tipo de actividades se cumpran as normas que afectan á vía pública, cando estase a tratar de actuacións de terceiros.

Ademáis, os interesados manifestan que determinados espazos nos que estase a pretender actuar van a ser obxecto de arranxo próximo cando é unha decisión pendente aínda de adoptar.

En consecuencia, propónse, autorizar o corte puntual da rúa Lagartos, salvando o acceso ós residentes e a ocupación da zona de carga e descarga da Cruz de San Pedro, nas condicións sinaladas pola policía local.

Asemade, propónse autorizar as intervencións en espazos axardinados, coas condicións sinaladas e as actividades de carácter solidario.

Dependencia CIR - Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá. 317.- MMOBE		
Documento	Expediente	Fecha
CIRZS1B9	CIR/731/2015	11-06-15 13:41

En canto ás intervencións na vía pública, propiamente dita, propónse que non sexan autorizadas en base ás consideracións que se fan constar neste informe.

II Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernación do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para dictar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 9 de xullo de 2014, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

Visto o exposto nos parágrafos anteriores, así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernación do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e as Ordenanzas Municipais de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública e Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a ASOCIACION VECIÑAL "A XUNTANZA" con NIF/CIF G15223159 AUTORIZACION para realizar unha xornada baixo o lema "Día do Barrio" na que se pretende sensibilizar á veciñanza da necesidade de colaborar na convivencia, mantemento, limpeza e comodidade dos espazos públicos, o 13 de xuño pola mañá, que suporá:

1 - O corte puntual da rúa Lagartos, salvando o acceso ós residentes e a ocupación da zona de carga e descarga da Cruz de San Pedro, nas condicións particulares seguintes:

A sinalización para proceder á ocupación da praza será: valados con sinais de prohibido estacionar na zona de carga e descarga da praza da Cruz de San Pedro.

A colocación e mantemento dos sinais será a cargo dos organizadores mentres duren os actos debendo tamén colocar os avisos da prohibición de estacionamento. A sinalización deberá quedar colocada no serán do día anterior ó evento e unha vez rematado o horario de carga e descarga para que a ocupación con vehículos pola noite non impida a instalación de elementos o día seguinte.

2 - As intervencións en espazos axardinados:

- Limpeza polo miúdo de espazos pequenos axardinados.
- Creación de pequenos xardíns ó carón das árbores ou nas beirarrúas.
- Sinalización no parque de xogos da Trisca da prohibición de cans ou outras mascotas
- Instalación dunha pequena biblioteca libre no Parque da Trisca

coas seguintes condicións particulares:

Dependencia CIR - Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317 - MMOBE		
Documento CIRZS1B9	Expediente CIR/731/2015	Fecha 11-06-15 13:41

- As zonas afectadas deberán quedar limpas durante o desenvolvemento das actividades e perfectamente conservadas logo de rematar.
- O cumprimento da normativa en materia de seguridade e saúde e os restantes requisitos existidos para este tipo de intervencións, será da exclusiva responsabilidade da Asociación solicitante, así como calquera dano que poida ocasionarse en bens ou servizos públicos.

3- As actividades de carácter solidario:

Operación Kilo, recollida de alimentos para entidades sociais
Recollida de material escolar funxible en colaboración das ANPAS do CEIP Apóstolo Santiago e Vilas Alborada.

A presente autorización estará suxeita ao cumprimento das seguintes condicións xerais:

- A zona afectada deberá quedar limpa e en perfecto estado de conservación á finalización da actividade, de conformidade co disposto no artigo 71 da Ordenanza de Convivencia. Serán responsables do cumprimento desta obriga os organizadores do evento; asemade, deberán responder dos danos que poidan causarse en bens e servizos públicos.
- Deberán contar con colectores ou papeleiras en número suficiente para os residuos que se poidan xerar, así como servizos sanitarios portátiles, se así se acorda.
- Deberá cumprirse a normativa en materia de seguridade, saúde e os restantes requisitos esixidos para este tipo de actividades que, en todo caso, será responsabilidade exclusiva dos organizadores. Asemade, tamén responderán de calquera dano que se poida producir nos bens ou nos servizos públicos municipais (elementos vexetais, pavimentos, mobiliario urbano, etc).
- No caso de reparto de follas deberase facer en man para evitar ensuciar a vía pública. Se prohibe o lanzamento de follas volantes.
- Deberá cumprirse as determinacións que recolle a Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Emisión e Recepción de Ruidos, Vibracións e Condicións dos Locais, a respecto da emisión do nivel sonoro. Neste senso lémbrese que a Cidade Histórica está conceptuada como de moderada sensibilidade acústica (Zona B) e, de conformidade co disposto no artigo 13 da Ordenanza, se limita neste ámbito os niveis acústicos de recepción externa a 55 dBs en período nocturno e 65 dBs en período diurno.
- Deberán cumprirse as determinacións contidas na Lei 11/2010 de 17 de decembro de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, especialmente o disposto nos artigos 12.2 a respecto da prohibición de venda ou subministro de alcohol a menores de idade e o preceptuado no artigo 12.13 sobre prohibición de venda de alcohol entre as 22:00 e as 9:00 horas do día seguinte, agás as excepcións contempladas na norma.
- A organización solicitante deberá adoptar as medidas necesarias para garantir as condicións de seguridade e orde público.

SEGUNDO.- DENEGAR á Asociación Veciñal "A Xuntanza" ás intervencións na vía pública proxectadas para o día 13 de xuño de 2015:

- Urban knitting.

Dependencia CIR - Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento	Expediente	Fecha
CIRZS1B9	CIR/731/2015	11-06-15 13:41

- Sinallización na Praza da Cruz de San Pedro da obrigatoriedade dos ciclistas de baixar pola Rúa de San Pedro a pe.
- Marcado con pintura preecedoria de xogos para viandantes nas prazas.
- Repintado das varandas dos patins da Costa do Veedor.
- Pintado de xogos e divertimentos nas beirarrúas da Rúa Quiroga Palacios

En base as consideracións que se fan constar no informe da Xefatura de Servizo transcrito nesta resolución.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

Notifícolle para o seu coñecemento que este acto pon fin á vía administrativa e que contra el cabe presentar recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de UN MES a partir desta notificación, ou ben impugnaloo directamente, no prazo de DOUS MESES directamente ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela sito no edificio dos Xulgados, rúa Viena s/n - Fontiñas.

De presentar recurso de reposición, o prazo para recorrer en vía contencioso-administrativa será de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de SEIS MESES a contar dende o día seguinte a aquel no que o recurso de reposición debe entenderse presuntamente rexeitado.

Presente a documentación, alegacións ou recurso CUNHA FOTOCOPIA DO PRESENTE ESCRITO ou faga referencia ó número do expediente.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ós ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas deste procedemento. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015

CONCELLO DE SANTIAGO

P.D.A. Xefa do Servizo

Asdd: María Novato Berguer